

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 24 de setembro de 2018 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“5.- Sinalización de dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no termo municipal de Carballo para o ano 2019. Aprobación.

Sen debate e sometido o asunto a votación, por unanimidade dos seus membros (21), o Pleno da Corporación Municipal acorda:

Primeiro.- Sinalar como datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito do termo municipal de Carballo para o ano 2019, os **24 e 25 de xuño de 2019**, Festas Patronais de San Xoán Bautista.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia”.

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.
O alcalde